



Resolución do 5 de marzo de 2010, da Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, pola que se procede a dar publicidade ás listaxes definitivas de persoas aspirantes a vinculacións temporais nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, en diversas categorías sanitarias e de xestión e servizos, correspondentes ao proceso de incorporación de novos méritos e selección de novas persoas aspirantes, formalizado pola resolución do 1 de abril de 2009 do citado centro directivo.

O proceso de incorporación de novos méritos polas persoas aspirantes xa inscritas e a selección de novas persoas aspirantes para vinculacións temporais nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde foi formalizado pola resolución deste centro directivo do 1 de abril de 2009 (DOG núm. 73, do 17 de abril).

De conformidade coas atribucións conferidas polo Decreto 311/2009, do 28 de maio (DOG núm. 109, do 5 de xuño), polo que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 15 de xuño de 2009 (DOG núm. 119, do 19 de xuño), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, esta Dirección de Recursos Humanos

RESOLVE:

Primeiro.- Darlle publicidade ás listaxes definitivas, de acordo co establecido na Norma Xeral 6.1.3 do Pacto sobre selección temporal (DOG núm. 104, do 1 de xuño), e coa base oitava da resolución da convocatoria, unha vez rematado o proceso de baremación de méritos dos aspirantes inscritos nas categorías sanitarias e de xestión e servizos que se relacionan de seguido, todas elas de ámbito de área sanitaria:

Persoal médico de familia
Persoal médico de urxencias hospitalarias
Pediatra
Odontólogo e odontóloga
Persoal de enfermería (DUE)
Matrón e matrona
Técnico/a en coidados auxiliares de enfermería
Cociñeiro e cociñeira





Segundo.- As listaxes definitivas estarán expostas nos tablerios de anuncios das direccións provinciais e das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, así como na páxina web do Organismo (www.sergas.es).

Terceiro.- As persoas aspirantes na categoría de persoal de enfermería (DUE) que figuren admitidas na condición de titular, na lista dunha área especial de enfermería xunto a outra ou outras listas especiais (curta duración de urxencias de atención primaria e/ou curta duración de atención especializada), deberán optar por unha delas, mediante escrito formalizado perante a dirección provincial correspondente dentro do prazo de dez días contado a partir do día seguinte á publicación no Diario Oficial de Galicia desta resolución. De non formalizar a opción dentro do prazo, será mantido na lista da área especial de enfermería, e dado de baixa na outra ou outras listas especiais, de ser o caso. Disporán do mesmo prazo aquelas persoas aspirantes que figuren admitidas como titular na lista especial de curta duración de urxencias de atención primaria e na lista especial de curta duración de atención especializada, de modo que, de non formalizar a opción por unha delas dentro do prazo indicado, se lles manterá como titulares na lista especial de curta duración de atención especializada, e se lles dará de baixa na lista especial de curta duración de urxencias de atención primaria.

Cuarto.- As persoas aspirantes na categoría de Técnico/a en coidados auxiliares de enfermería que figuren admitidas na condición de titular, na lista da área especial de saúde mental xunto á lista especial de curta duración de atención especializada, deberán optar por unha delas, mediante escrito formalizado perante a dirección provincial correspondente dentro do prazo de dez días contado a partir do día seguinte á publicación no Diario Oficial de Galicia desta resolución. De non formalizar a opción dentro do prazo, será mantido na lista da área especial de saúde mental, e dado de baixa na listaxe especial de curta duración de atención especializada.

Quinto.- As listaxes especiais derivadas do rexistro das opcións das persoas aspirantes, e de ser o caso, da aplicación dos criterios de asignación de oficio establecidos nos artigos terceiro e cuarto anteriores, se publicarán nos tablerios de anuncios das direccións provinciais e das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, así como na páxina web do Organismo (www.sergas.es), previa resolución desta Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.





Sexto.- Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada perante a Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde (de ser o caso, recurso potestativo de reposición, polo que respecta ao persoal médico de urxencias hospitalarias), no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2010

A Directora de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde


Esperanza Fernández Lago

